



## Concello de Viveiro

---

### **ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

### **SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE AO DÍA CINCO DE DECEMBRO DE 2016 .**

#### **ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA  
D. JESÚS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL.  
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ  
D<sup>a</sup>. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA  
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

#### **INTERVENTOR (POR DELEGACIÓN):**

D. SERGIO AGUADO DELICADO

#### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. MARILUZ Balsa RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 05 de decembro de 2016, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D<sup>a</sup>. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusa verbalmente a súa asistencia D<sup>a</sup>. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 -11- 2016.**

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 28 de novembro de 2016.

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

### **2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.**

#### **RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Por parte do Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

### **3.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

#### **EXPTE. 3453/2016. LICENZA DE OBRA.**

Vista a solicitude de licenza presentada pola SOCIEDAD COOPERATIVA LIMITADA COLEGIO LANDRO.

Visto que, segundo se desprende do informe xurídico, constan no expediente os seguintes antecedentes:

- Con data 28 de outubro de 2016 foi presentada por SOCIEDAD COOPERATIVA LIMITADA COLEGIO LANDRO solicitude de licenza urbanística para a realización de CUBRICION DE PATIO DE CENTRO DE EDUCACION INFANTIL no inmovible situado na r/ALONSO PEREZ, 15-17 -VIVEIRO, desta localidade, con referencia catastral 3452235PJ1335S0001ZO

- Coa solicitude achegou a seguinte documentación:

- xustificante do aboamento dos tributos municipais;

- proxecto básico e de execución para cubrición de patio de centro de educación infantil, Colexio Landro, afectando as obras á cobertura do patio traseiro da edificación por medio dunha cuberta lixeira, sobre estrutura metálica, aberta polos seu laterais. O proxecto foi redactado pola arquitecta Susana Pérez Pereiras e conta co visado do COAG o 25 de outubro de 2016, numero 1606412 e oficio de dirección facultativa a favor da citada arquitecta.

- A citada documentación técnica complementouse coa achegada, en resposta ao requirimento previo de subsanación de deficiencias, en data 23 de novembro de 2016, consistente en:

- memoria urbanística completa xustificando o cumprimento da ordenanza aplicable (Ordenanza R - renovación, dentro do PEPRI do casco antigo de Viveiro)

- memoria fotografica da zona de intervención, e do estado actual da edificación

- estudio básico de seguridade e saúde exixido polo Real Decreto 1627/1997.

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

Visto que consta no expediente informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal.

No referido informe sinálase que a clasificación do solo segundo a OUP é urbano consolidado, dentro do recinto REX do PEPRI. Ordenanzas: R: renovación. Manifesta que as obras a realizar consisten, segundo o proxecto presentado, na cubrición de patio de centro de educación infantil, Colexio Landro. As obras afectan á cobertura do patio traseiro da edificación por medio dunha cuberta lixeira, sobre estrutura metálica, aberta polos seu laterais. Trátase dunha edificación existente, e manifesta que se xustifica o cumprimento da *Ordenanza R: Renovación*, do PEPRI. Engade que a arquitecta redactora do proxecto fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicable. Establecese a condición de que as chapas na súa cara exterior serán de cor negra. Establece así mesmo unha fianza de 2.000,00 € en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.

Visto o informe xurídico, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- A licenza urbanística ten por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo especificados no artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Entre tales actos, a letra a) do precepto citado menciona os actos que precisen de proxecto de obras consonte a normativa xeral de ordenación da edificación. E conforme dispón o artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, requiren de proxecto as intervencións sobre os edificios existentes sempre e cando alteren a súa configuración arquitectónica.

En consecuencia, o procedemento aplicable ao outorgamento da licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar é o establecido no artigo 143 LSGa

- O procedemento para levar a cabo a concesión da licenza urbanística é o seguinte:

A. Presentada solicitude de licenza urbanística por SOCIEDAD COOPERATIVA LIMITADA COLEGIO LANDRO, á que se fixo achega da documentación esixida pola normativa vixente (artigo 143,3 da Lei 2/2016), fanse precisos, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da mesma Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, informe técnico e xurídico dos Servizos Municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística; facendose constar, no referido informe técnico, se fose necesario algún outro informe ou autorización doutra Administración ou da Comunidade Autónoma, de forma tal que, de ser precisos aqueles, o Concello remitiralles o expediente para que emitan informe en materia das súas competencias; informes todos eles que deberán constar no procedemento que nos ocupa con carácter previo á concesión da licenza.

B. Emitidos os informes preceptivos, e previo informe-proposta de resolución, corresponderá á Alcaldía, como órgano competente en aplicación do previsto no artigo 21.1 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril; Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en relación co artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 13 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o Desenvolvemento e Aplicación da Lei do Solo de Galicia, resolver sobre o outorgamento da licenza.

C. Na Resolución da licenza deberán facerse constar os seguintes extremos esixidos no artigo 17 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, de aplicación como consecuencia da Disposición Transitoria Oitava da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, antes citado, a saber:

- Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

- Altura, volumes e ocupación de parcelas permitidos.
- Cantidade en que se presupostan as obras.
- Situación e emprazamento das obras.
- Nome ou razón social do promotor.
- Técnico autor do proxecto e Director das obras.
- Prazos para o inicio e a terminación das obras.

D. A Resolución de Alcaldía será notificada ós interesados na forma esixida pola normativa en materia de procedemento administrativo común, contando o órgano municipal competente cun prazo máximo para resolver, en virtude do artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, de tres meses, a contar dende a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

- Conforme dí o artigo 143,1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, as licencias outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que sexan contrarias á ordenación territorial ou urbanística.

- Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente a previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei do solo de Galicia, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

- De conformidade co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e no artigo 24.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os Concellos están facultados para intervir a actividade dos administrados mediante a esixencia de depósito previo de garantías que sirvan para responder dos danos que poideran ocasionarse no dominio público con ocasión da execución de obras, coa finalidade de reconstruír ou reparar os posibles danos que nel se causaren. Segundo o informe técnico emitido polo arquitecto municipal, a garantía a establecer para a reparación dos posibles danos nos bens municipais e espazos públicos durante a execución das obras, é de 2.000,00 euros

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder á SOCIEDADE COOPERATIVA LIMITADA COLEGIO LANDRO a licenza urbanística solicitada para a realización de obras de CUBRICION DE PATIO DE CENTRO DE EDUCACION INFANTIL no inmovible situado na r/ALONSO PEREZ, 15-17 -VIVEIRO, desta localidade, con referencia catastral 3452235PJ1335S0001ZO, de acordo coas seguintes determinacións:

A) As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico e demais documentación presentada e ás Normas de planeamento vixentes na localidade, debéndose respectar a máis o establecido no Plan ou estudo de seguridade aportado, e debendo ser de cor negra as chapas que se usen na súa cara exterior

## Concello de Viveiro

---

B) As mesmas terán que comezar nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da presente resolución, sendo en todo caso a duración máxima de execución da obra de tres anos, a contar tamén a partir da notificación desta resolución.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

C) Non se poderá iniciar a execución das obras sen o depósito previo da garantía que sirva para responder dos danos que poideran ocasionarse no dominio público con ocasión da execución de obras, cúa contía é de 2.000 euros

D) De ser necesario a ocupación da vía pública para as labores de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar a preceptiva licenza.

Segundo.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Terceiro.- Dar traslado do acordo á Tesourería municipal para os efectos de levar a cabo os trámites de reclamar a constitución do depósito previo da garantía de 2.000,00 euros.

Cuarto.- Dar traslado da presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **EXPTE. 3946/2016. AGRUPACIÓN E SEGREGACIÓN DE FINCAS.**

Vista a solicitude de licenza de agrupación de tres fincas e segregación simultánea en dúas fincas de resultado, presentada por D. José Antonio Veiras Pulleiro, sitas en LG. TRASVIVEIRO - CHAVIN, clasificado como solo rústico, coa finalidade de reorganizar a propiedade; coa solicitude o interesado achegou documento técnico redactado polo arquitecto, D. Antonio Jesús Losada Beltrán.

Visto que o 24 de novembro foi emitido polo arquitecto municipal o preceptivo informe técnico, en sentido favorable.

Sínálase no informe técnico que a clasificación do solo segundo a OUP é solo rústico especialmente protexido. Ordenanza de aplicación 9. Preséntase un expediente de "Agrupación e Segregación", asinado polo arquitecto Antonio Jesús Losada Beltrán, consistente na agrupación de tres fincas catastrais para a continuación dividilas en dúas independentes. Tendo en conta os datos das parcelas considéranse as medicións realizadas



## Concello de Viveiro

---

no expediente de agrupación e segregación.

### FINCAS DE PARTIDA

- Finca 1: Propiedade José Antonio Veiras Pulleiro  
27067A057001530000XP, polígono 57, parcela 153, Trasviveiro  
superficie catastral: 10.545,00 m<sup>2</sup>  
superficie medición: 11.779,90 m<sup>2</sup>
- Finca 2: Propiedade Manuel Gómez Martínez  
27067A057001680000XE, polígono 57, parcela 168, Barrote  
superficie catastral: 2.844,00 m<sup>2</sup>  
27067A057001700000XJ, polígono 57, parcela 170, Horta Vella  
superficie catastral: 401,00 m<sup>2</sup>  
superficie catastral: 3.245,00 m<sup>2</sup>  
superficie medición: 3.248,70 m<sup>2</sup>

### AGRUPACIÓN

Finca Matriz:

superficie total [Finca 1+Finca 2]: 15.028,60 m<sup>2</sup>

### SEGREGACIÓN

Resto de Finca Matriz:

superficie medición: 11.191,80 m<sup>2</sup>

Finca Segregada

superficie medición: 3.836,80 m<sup>2</sup>

Engádesse no informe técnico que se dá cumprimento ao disposto no artigo 149 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, referido a División e segregación de predios en solo rústico, que recolle:

No solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

Non obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

No presente caso trátase de reorganización da propiedade [3 fincas], e non resulta un número maior de parcelas respecto do orixinariamente existente [2 fincas resultantes].

Engade así mesmo, respecto á normativa sectorial que se dá cumprimento ao disposto no decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Concello de Viveiro, grupo 4º, sequeiro 0,20 ha e regadío 0,20 ha.

Visto o informe xurídico favorable, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- Competencia e procedemento. De acordo co disposto nos artigos 142,2, letra f) e 143 da LSG as parcelacións, segregacións e outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación, están suxeitos a licenza municipal. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local e para o seu outorgamento serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística

A competencia para a concesión das licencias urbanísticas correspóndelle á persoa titular da alcaldía segundo dispón o artigo 21.1, letra q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; dita competencia está delegada na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 3 de xullo de 2015

- Adecuación da proposta á legalidade urbanística. O artigo 143.1 da LSG establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico.

---

## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



## Concello de Viveiro

---

A lexislación aplicable á división e segregación de predios en solo rústico é a contida nos artigos 148 a 150 da LSG; resulta igualmente aplicable a normativa sectorial reguladora das unidades mínimas de cultivo que se concretan na Ley 19/1995, de 4 de julio, de Modernización de las Explotaciones Agrarias e o Decreto autonómico 330/1999, do 9 de decembro, polo que se desenvolve o lei estatal citada no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

O artigo 149 LSG, despois de prohibir con carácter xenérico as segregacións en solo rústico, permite as segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinalmente existente. De acordo co documento técnico achegado polo solicitante, agrúpanse tres fincas catastrais que, simultaneamente se segregan para dar lugar a dúas fincas, polo que se cumpre a exigencia imposta na lexislación urbanística de aplicación.

Por outra parte, as dúas fincas de resultado teñen unha superficie superior á exigida no Decreto autonómico 330/1999 que é de 2.000 metros cadrados, toda vez que tras a segregación, as superficies das fincas resultantes serán de 11.191,80 m<sup>2</sup> e 3.836,80 m<sup>2</sup>.

- Conforme o disposto na ordenanza fiscal municipal n.º 5, reguladora da taxa de licencias urbanísticas, o interesado deberá abonar a taxa correspondente, que ascende a 39,84 euros, e que non consta ingresada na data deste informe; non obstante, e sendo a licenza urbanística un acto reglado e debido, tal incidencia non afecta á obriga de outorgar a licenza solicitada.

- Que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. JOSE ANTONIO VEIRAS PULLEIRO, licenza municipal para a agrupación e segregación simultánea das fincas sitas en LG. TRASVIVEIRO - CHAVIN, deste municipio, de referencias catastrais 27067A057001530000XP, 27067A057001680000XE e 27067A057001700000XJ, de acordo coa descrición contida no documento técnico asinado polo arquitecto, D. Antonio Jesús Losada Beltrán.

Como consecuencia da agrupación e segregación simultáneas, as fincas resultantes son as seguintes:

Finca n.º 1 de 11,191,80 m<sup>2</sup>, cujos lindeiros son os que constan no documento técnico baixo a denominación "resto de finca matriz".

Finca n.º 2 de 3.836,80 m<sup>2</sup>, cujos lindeiros figuran no documento técnico baixo a denominación de "finca segregada".

Segundo.- A finalidade específica da agregación e segregación simultáneas é a reorganización da propiedade.

Terceiro.- Dar traslado da presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **EXPTE. 3266/2016. LICENZA DE OBRA.**

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Vicente Franco Arias para

---

### **Concello de Viveiro**

## Concello de Viveiro

---

cerramento de fachada e colocación de carpintería en planta baixa do inmovible sito na Rúa Nicolás Cora Montenegro, n.º 31, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353906PJ1335S0001BO.

Visto que segundo consta no informe xurídico, coa solicitude achegou xustificante de ter aboados os tributos municipais e documentación técnica elaborada polo arquitecto, D. José Díaz López en fecha 17 de outubro de 2016, consistente nunha memoria descritiva e valorada das obras a realizar, e planos. A solicitude de licenza trae a súa causa da resolución da Alcaldía de fecha 22 de setembro de 2016 pola que se lle ordenou ao solicitante a execución de obras de cerramento da fachada do inmovible, en planta baixa, entre outras actuacións (expediente numero 2091/2016, de orde de execución).

Visto que consta no expediente informe técnico favorable emitido pola aparelladora municipal da oficina de rehabilitación do casco histórico, co visto e prace do arquitecto municipal.

Visto que no referido informe se sinala que a clasificación do solo é urbano consolidado. A edificación onde se pretende actuar atópase a máis de 50 metros da Porta do Valado (BIC), non sendo necesario informe sectorial de Patrimonio. As obras consisten no remate de fachada en planta baixa colocando porta de acceso ao portal do inmovible e porta de garaxe. Engade que segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre ca normativa urbanística aplicable, manifestando así mesmo o cumprimento da normativa técnica aplicable. Sinálase que o orzamento de execución material segundo o orzamento presentado coa solicitude de licenza de obra ascende á cantidade de 2.500,00 euros. Establécese a condición de que deberase acatar a proposta A do proxecto presentado, modificando a reixa de cristal encima da porta do garaxe que deberá ser substituída por vidro igual que o montante encima da porta de acceso á edificación. Ademais a carpintería irá pintada en cor branca con tratamento a poro aberto.

Visto o informe xurídico favorable ,emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- O orzamento declarado (2,500 euros) verificouse de conformidade, sen prexuízo das posibles variacións que se poideran producir durante a execución das obras que, de ser o caso, darían lugar ás revisións correspondentes.

Non obstante, dito orzamento non resulta congruente coas estimacións realizadas polos propios servizos técnicos municipais en fecha 10 de maio de 2016, e obrante no expediente 2091/2016 de orde de execución destas obras. Segundo ditas estimacións, o custo de execución material das obras de cerramento de fachada, porta de garaxe, enfoscado de cemento en paramentos exteriores, limpeza e desescombros do interior do baixo e pintura en paramentos exteriores estimouse en 5,255,51 euros.

- De conformidade co disposto no artigo 142.2 letra c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), as intervencións en inmovibles declarados BIC ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable. O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

- Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 1.3 do Anexo regula a ordenanza de solo urbano da zona antiga de Viveiro, de aplicación aos terreos incluídos no ámbito territorial do PEPRI.

- De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obra no expediente, as actuacións propostas cumpren coas previsións da ordenanza aplicable

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro .- Outorgar a D. Vicente Franco Arias, licenza municipal para cerramento de fachada e colocación de carpintería en planta baixa do inmovible sito na rúa Nicolas Cora Montenegro, n.º 31, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353906PJ1335S0001BO, de acordo coa documentación técnica achegada coa solicitude, debendo dar cumprimento á seguinte consideración, contida no informe dos servizos técnicos municipais: *Deberase acatar a porposta A do proxecto presentado, modificando a reixa de cristal encima da porta do garaxe que deberá ser substituída por vidro igual que o montante encima da porta de acceso á edificación. Ademais a carpintería irá pintada en cor branca con tratamento a poro aberto.*

Segundo .- A licenza municipal suxeitase ao cumprimento das seguintes condicións particulares:

- De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
- Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro .- Que polos servizos técnicos municipais da oficina de rehabilitación se revise o orzamento declarado por si procedese practicar unha liquidación complementaria dos tributos municipais.

Cuarto .- O arquivo provisional do expediente de orde de execución número 2091/2016, que se elevará a definitivo unha vez executadas as obras amparadas pola presente licenza e as restantes actuacións ordenadas na resolución da Alcaldía do 22 de setembro (limpeza e retirada de escombros, e colocación de vidros na galería existente na primeira planta).

Quinto.- As obras deberán iniciarse nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da resolución, e rematar no de tres anos, a contar igualmente a partir da notificación da resolución, sen que poidan

## Concello de Viveiro

---

interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Sexto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Sétimo.- Dar traslado da presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **Expte. 3592/2016. LICENZA DE OBRA.**

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Pedro María Veiga González para a realización de REFORMA INTERIOR E FACHADA DE VIVENDA UNIFAMILIAR , no solar situado no LG. BARALLA, N.º 7 - GALDO, desta localidade, con referencia catastral 000706300PJ13A0002tZ.

Visto que segundo consta nos antecedentes referidos no informe emitido pola técnico xurídico, coa solicitude achegou a seguinte documentación:

- Xustificante do aboamento dos tributos municipais;
- Proxecto básico e de execución de reforma interior e fachada de vivenda unifamiliar en formato CD, asinado pola arquitecta, D<sup>a</sup>. Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG o 18 de outubro de 2016 co numero 1606257 e oficio de dirección facultativa a favor da mesma arquitecta.

Visto que consta no expediente informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal.

No informe técnico sinalase que a clasificación do solo segundo a OUP é solo de núcleo rural. Ordenanza de aplicación 7. Sinalase que a parcela conta cos servizos urbanísticos. As obras consisten na reforma interior e de fachadas de vivenda unifamiliar existente. As modificacións propostas adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais integradas no conxunto. Non se modifica o volume. Respecto ao cumprimento da normativa urbanística sinala que se trata de obras de rehabilitación de edificación existente de carácter tradicional. Dáse cumprimento ao disposto na lei 2/2016 do Solo de Galicia no artigo 40 referido a edificacións existentes de carácter tradicional en solo rústico. Mantéñense as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria. Non se modifica o volume existente. En canto ás afeccións sinalase que a parcela se atopa dentro da liña de policía de leitos, requirindo as obras dentro deste ámbito da autorización sectorial de Augas de Galicia, Real Decreto 849/86 de 11 de abril polo que se aproba o regulamento do dominio público hidráulico. Engádese no informe técnico que ao tratarse de traballos de rehabilitación e adaptación dunha construción existente sen modificacións relativas á forma e volume enténdese non necesaria a

## Concello de Viveiro

---

autorización de Augas de Galicia. Engade que a arquitecta redactora do proxecto fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicable. Establécese unha fianza de 1.200,00 € en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar nos bens municipais motivados polas obras de construción.

Visto o informe xurídico, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- A licenza urbanística ten por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo especificados no artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Entre tales actos, a letra a) do precepto citado menciona os actos que precisen de proxecto de obras consonte a normativa xeral de ordenación da edificación. E conforme dispón o artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, requiren de proxecto as intervencións sobre os edificios existentes, sempre e cando teñan carácter de intervención total no mesmo.

En consecuencia, o procedemento aplicable ao outorgamento da licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar é o establecido no artigo 143 LSGa

- O procedemento para levar a cabo a concesión da licenza urbanística é o seguinte:

A. Presentada solicitude de licenza urbanística por VEIGA GONZALEZ, PEDRO MARIA, á que se fixo achega da documentación esixida pola normativa vixente (artigo 143,3 da Lei 2/2016), fanse precisos, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da mesma Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, informe técnico e xurídico dos Servizos Municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística; facendose constar, no referido informe técnico, se fose necesario algún outro informe ou autorización doutra Administración ou da Comunidade Autónoma, de forma tal que, de ser precisos aqueles, o Concello remitiralles o expediente para que emitan informe en materia das súas súas competencias; informes todos eles que deberán constar no procedemento que nos ocupa con carácter previo á concesión da licenza.

B. Emitidos os informes preceptivos, e previo informe-proposta de resolución, corresponderá á Alcaldía, como órgano competente en aplicación do previsto no artigo 21.1 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril; Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en relación co artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 13 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o Desenvolvemento e Aplicación da Lei do Solo de Galicia, resolver sobre o outorgamento da licenza.

C. A Resolución de Alcaldía será notificada ós interesados na forma esixida pola normativa en materia de procedemento administrativo común, contando o órgano municipal competente cun prazo máximo para resolver, en virtude do artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, de tres meses, a contar dende a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

- De conformidade co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e no artigo 24.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os Concellos están facultados para intervir a actividade dos administrados mediante a esixencia de depósito previo de garantías que sirvan para responder dos danos que poideran ocasionarse no dominio público con ocasión da execución de obras, coa finalidade de reconstruír ou reparar os posibles danos que nel se causaren. Segundo o informe técnico emitido polo arquitecto municipal, a garantía a establecer para a reparación dos posibles danos nos bens municipais e espazos públicos durante a execución das obras é de 1.200,00 euros.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. Pedro María Veiga González, a licenza urbanística solicitada para REFORMA INTERIOR E FACHADA DE VIVENDA UNIFAMILIAR,



## Concello de Viveiro

---

sita no LG. BARALLA, N.º 7 - GALDO, desta localidade, con referencia catastral 000706300PJ13A0002tZ, de acordo coas seguintes determinacións:

A) O promotor deberá constituir na Tesourería municipal, antes do inicio das obras, unha fianza de 1.200 euros, en garantía da reparación dos posibles danos que se ocasionen durante a execución das obras.

B) As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico e resto de documentación presentada xunto coa solicitude.

C) As mesmas terán que comezar nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da presente resolución, sendo en todo caso a duración máxima de execución da obra de tres anos, a contar tamén a partir da notificación desta resolución.

Segundo.- Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos oportunos e á Tesourería municipal para os efectos da esixencia do depósito previo da garantía para responder dos danos que poideran ocasionarse no dominio público con ocasión da execución de obras.

Terceiro.- As obras deberán iniciarse nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da resolución, e rematar no de tres anos, a contar igualmente a partir da notificación da resolución, sen que poidan interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **4.- CONTA XUSTIFICATIVA**

#### **EXPTE. 1339/2016. BAGOAS DA TERRA**

Vista a proposta da Concellería de Facenda para a aprobación da conta xustificativa, polo importe total da subvención, e resto de subvención 2016 da Asociación Bagoas da Terra, por importe de 1.200,00 euros (a subvención

---

### Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

ascendía a un total de 12.000,00 euros, dos cales 10.800,00 euros foron adiantados en concepto de anticipo).

Visto que en data 22 de xullo de 2016 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o anticipo estipulado correspondente á subvención do ano actual entre este Concello e a asociación de 10.800,00 euros.

Visto que en data 23 de novembro co número de entrada 2016-RC-E-7694 á citada asociación aporta a documentación para xustificar o convenio de 2016.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48906 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida á Asociación Bagoas da Terra para o ano 2016, pola súa totalidade e o outorgamento do resto de subvención (non anticipada) segundo o convenio asinado, por importe de 1.200,00 euros, con cargo á aplicación 3340-48906.

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

### **EXPTE. 4104/2016. CLUB CICLISTA DE VIVEIRO.**

Vista a documentación xustificativa da subvención concedida ao Club Ciclista de Viveiro para o ano 2016, por importe de 3.500,00 euros.

Vista a proposta de aprobación da conta xustificativa da referida subvención, por importe de 3.500,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910 (Subvencións deportes nominativa), presentada polo Concelleiro de Deportes, para financiar os gastos da actividade deportiva para a cal foi concedida a subvención.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida Club Ciclista de Viveiro para o ano 2016, por importe de 3.500,00 euros, segundo

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

o convenio asinado e con cargo á aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016.

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesoureria para o seu coñecemento e efectos.

### **EXPTE. 4209/2016. S.D.R. SACIDO.**

Vista a documentación xustificativa da subvención concedida ao S.D.R. Sacido para o ano 2016, por importe de 2.500,00 euros.

Vista a proposta de aprobación da conta xustificativa da referida subvención, por importe de 2.500,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910 (Subvencións deportes nominativas), presentada polo Concelleiro de Deportes, para financiar os gastos da actividade deportiva para a cal foi concedida a subvención.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao S.D.R. Sacido para o ano 2016, por importe de 2.500,00 euros, segundo o convenio asinado e con cargo á aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016.

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesoureria para o seu coñecemento e efectos.

### **EXPTE. 4216/2016. CLUB TENIS DE MESA NÁUTICO DE VIVEIRO.**

Vista a documentación xustificativa da subvención concedida ao Club Tenis de Mesa Náutico de Viveiro para o ano 2016, por importe de 1.000,00 euros.

Vista a proposta de aprobación da conta xustificativa da referida subvención, por importe de 1.000,00 euros, con cargo á aplicación

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

3400-48910 (Subvencións deportivas nominativas), presentada polo Concelleiro de Deportes, para financiar os gastos da actividade deportiva para a cal foi concedida a subvención.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención, declarando estar ao corrente das súas obrigas coa Facenda Pública e cos organismos da Seguridade Social.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao Club Tenis de Mesa Náutico de Viveiro para o ano 2016, por importe de 1.000,00 euros, segundo o convenio asinado e con cargo á aplicación 3400-48910.

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

### **EXPTE. 4224/2016. CLUBE PIRAGÜISMO VIVEIRO.**

Vista a documentación xustificativa da subvención concedida ao Club Piragüismo de Viveiro para o ano 2016, por importe de 2.000,00 euros.

Vista a proposta de aprobación da conta xustificativa da referida subvención, por importe de 2.000,00 euros, con cargo á aplicación 3400-48910 (Subvencións deportivas nominativas), presentada polo Concelleiro de Deportes, para financiar os gastos da actividade deportiva para a cal foi concedida a subvención.

Visto que según informe de Intervención, existe consignación presupostaria na aplicación 3340-48910 do presuposto de 2016 e que a entidade entregou a documentación xustificativa da subvención, declarando estar ao corrente das súas obrigas coa Facenda Pública e cos organismos da Seguridade Social.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao Club Piragüismo de Viveiro de Viveiro para o ano 2016, por importe de 2.000,00 euros, segundo o convenio asinado e con cargo á aplicación 3400-48910

Segundo.- Antes do pago acreditarase que a sociedade está ao corrente das

---

### Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Xestión Tributaria e Económica para a súa notificación ós interesados e aos Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

### **5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS**

#### **EXPTE. 4126/2016.**

Visto o escrito presentado por D<sup>a</sup> Rocío Rolle Requeijo, con domicilio no lugar de Barral, parroquia de San Pedro, no que solicita a asignación de número para a vivenda da súa propiedade e de nova construción sita no lugar de Barral, parroquia de San Pedro.

Visto o informe emitido polo Departamento de Estatística, de data 29 de novembro de 2016, no que se sinala que según o libro de numeración existente o número que lle corresponde é: Barral de Arriba, nº 5- San Pedro.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da encargada do negociado de Estadística, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Asignarlle á devandita vivenda o seguinte número de goberno: BARRAL DE ARRIBA, Nº 5- SAN PEDRO.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Estatística para a súa notificación á interesada.

### **6.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.**

#### **EXPTE. 4245/2016**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 4245/2016.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

### **7.- PROPOSTAS DE GASTOS**

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 4052/2016.- EXPTE. 4053/2016.- EXPTE. 4210/2016.- EXPTE. 4244/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

### **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:00 horas do día 05 de decembro de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.